



## DECRETO DE ALCALDÍA

### **NOMEAMENTO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA AUXILIAR DE BIBLIOTECA, ARQUIVOS E DOCUMENTACIÓN (FUNCIONARIO INTERINO) PARA A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL JOSÉ CRECENTE VEGA NO CONCELLO DE CASTRO DE REI.**

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde do Concello de Castro de Rei, (Lugo), en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente concretada no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

#### **RESOLVO**

**Primeiro.-** Nomear como membros titulares e suplentes do Tribunal para as probas de selección dun auxiliar de biblioteca, arquivos e documentación (funcionario interino) para a Biblioteca Pública Municipal José Crecente Vega, no concello de Castro de Rei, ao abeiro das Bases reguladoras do proceso de selección aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 426/2017, de data de 14 de setembro, (publicadas no BOP de Lugo nº 219, de 22 de setembro de 2017) ás seguintes persoas:

#### **PRESIDENTE:**

-Don Manuel García Mel, Xefe do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don Xesús Arrizado Yáñez, Licenciado en Ciencias do Traballo do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo.

#### **VOGAIS:**

-Dona Mercedes Salvador Castañer, Responsable de Biblioteca do Departamento de Biblioteca e Arquivo da Rede Museística Provincial da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Blanca María Pacín Somoza, Auxiliar de Biblioteca Experto do Departamento de Biblioteca e Arquivo da Rede Museística Provincial da Deputación Provincial de Lugo.

-Don Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, Xefe da Sección de Publicacións do Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Monserrat González Álvarez, Administrativa de Publicacións do Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo.

- Don Xosé Brais García Fernández, Responsable Publicacións e Redacción do Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona María Cruz Veiga Eiras, Adxunta Xefe do Servizo de Cultura, PHA, Artesanía e Deseño e Educación da Deputación Provincial de Lugo.

#### **SECRETARIO:**

-D. Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario-Interventor Xefe de Servizo Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Ana Losada Real, Xefa da Unidade de Selección, Promoción e Carreira da Deputación Provincial de Lugo.

**Segundo.-** Comunicar esta resolución ós nomeados anteriormente que poderán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Terceiro.-** Convocar para o día martes 8 de maio de 2018, ás dez horas, para a celebración da primeira proba recollida nas Bases reguladoras do proceso de selección, no Pavillón Municipal de Castro Riberas de Lea, situado na Avda Odón Fernández Lavandeira.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE.